

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dunha valoración de dependencia

Expediente: G.6.Q/578/20

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2020

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED], [REDACTED], referente ao retraso na valoración de dependencia.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que solicitaron a valoración inicial de grao dependencia en outubro de 2019. Non recibiron ningunha comunicación de cita para valoración. É unha persoa de 89 anos con demencia dexenerativa tipo Alzheimer/mixta e trastorno de conducta secundaria. A situación agravouse o 20 de xaneiro de 2020 por caída casual na casa con fractura de cadeira, precisando axuda para actividades básicas da vida diaria, aseo persoal, vestirse, etc., sendo a vida basal cama-cadeira. Por iso reclama que se cumpran os prazos que establece a lei de dependencia e normativa de desenvolvemento e a citen para valoración de grao de dependencia, para ter dereito a que lle aproben unha praza en centro de día. Os netos que viven con ela, un estudia na Coruña, e outro está renunciando a traballos para poder atender a avoa ata que lle aproben a praza en centro de día.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

“ANTECEDENTES: 1. Con data 21/10/2019 [REDACTED] [REDACTED] presenta solicitude de valoración da situación de dependencia. 2. Unha vez mecanizada a solicitude de [REDACTED], a aplicación informática asígnalle a seguinte codificación vinculada: número de arquivo físico [REDACTED].

CONCLUSIÓN: Existe un elevado número de solicitudes tanto de valoración inicial como de revisións cuxa iniciación debe seguir o rigoroso orde de entrada de solicitudes para cumprir o establecido no artigo 26.1 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do

dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Esta orde de iniciación só pode ser modificada nos casos previstos no propio decreto, que no artigo 16 recolle os seguintes supostos de emerxencia: a) Unha situación de desamparo ou abandono b) Malos tratos físicos e/ou psíquicos c) Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/ou psíquica. E no artigo 26.3, que establece a prioridade dos expedientes de menores de tres anos.

Unha vez iniciado o procedemento, na súa tramitación a orde de prelación tamén ven taxada no artigo 26.2 do Decreto 15/2010.

Debido a este elevado número de solicitudes, estase producindo unha acumulación de expedientes que está atrasando os prazos nos que se citan ás persoas usuarias e se notifican as resolucións.

Por outra banda, debido a situación excepcional derivada do estado de alarma que se declarou para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 produciuse a anulación de todas as valoracións de recoñecemento da situación de dependencia que estaban a ser programadas desde o día 16 de marzo de 2020.

Unha vez levantado o estado de alarma, e tendo en conta tanto os protocolos e instrucións para a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial elaborados no ámbito da Xunta de Galicia, como o establecemento das medidas de seguridade orientadas a garantir a protección das persoas que forman parte deste colectivo en base a súa consideración de máis vulnerable fronte ao COVID-19, se está a levar a cabo na actualidade a reanudación progresiva das valoracións de recoñecemento da situación de dependencia coas máximas garantías de seguridade e minimizando na medida do posible os contactos directos presenciais coas persoas solicitantes.

En base ao exposto anteriormente, non é posible efectuar a data de hoxe unha estimación da data previsible para a valoración da situación de dependencia de [REDACTED].”

ANÁLISE

1. A consellería confirma o retraso que é obxecto da queixa, que se produciu antes da declaración do estado de alarma e da emerxencia sanitaria, posto que a solicitude é de do 21 de outubro e o prazo é de 3 meses.
2. A través desta e doutras queixas coñecemos que nas valoracións de dependencia, tanto as iniciais como as revisións, se producen retrasos de diferente consideración. A consellería alega que débese ao elevado número de solicitudes, que da lugar a unha acumulación de expedientes que está atrasando os prazos nos que se cita ás persoas usuarias e se notifican as resolucións. Ademais, a situación sanitaria demorou aínda máis as valoracións, que xa se reanudaron coas debidas garantías.

3. O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

4. Os retrasos nas valoracións de dependencia teñen a consecuencia de retrasar tamén a atención ás persoas dependentes, cos considerables prexuízos que iso ocasiona.

Por tanto, este e os demais expedientes afectados polos retrasos de valoracións deberán resolverse nos prazos previstos. O feito de que a consellería respecte a orde obxectiva de entrada non xustifica os retrasos que tratamos.

Neste caso nin tan sequera se indica a previsión de valoración, que podería aportarse facendo unha extrapolación das valoracións actuais e das melloras que se prevexan.

5. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española (art. 49). Como consecuencia do anterior os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con carácter xeral se adopten as medidas precisas para que as valoracións de dependencia se resolvan no prazo previsto, tamén no caso da persoa afectada.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recórdolle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(asinado dixitalmente)